



## **FONDO SOLIDARIO, AXUDAS COMPRA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR**

- Toda a información está no DOG de 18 de maio.
- As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica nos formularios da aplicación Fondolibros (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) OU: opcionalmente, de maneira presencial:
- No colexio, do 19 maio – 22 de xuño. (16:35 - 17:45 h).
- Utilizar letras maiúsculas.
- A solicitude deberá estar asinada polo pai, nai, titor/a ou representante legal do alumnado.

### **Datos do centro:**

**Tipo de centro: público**

**Denominación: CEIP MESÓN DO VENTO; Código: 15011105**

**Concello: Ordes**

**Fondo solidario de libros de texto: alumnado de 3º a 6º de EP.**

**Axudas para adquirir libros de texto: 1º e 2º de EP**

**Axudas para adquirir material escolar: toda EP.**

### **Artigo 2º.-Contía das axudas.**

-Renda per cápita familiar ata 6000 €: 210 €.(1º e 2º) 6 libros (3º a 6º) e 50 € para material.

-Renda per cápita familiar desde 6000,01 ata 10000 €: 140 €.(1º e 2º) 4 libros (3º a 6º).

### **Artigo 3º.-Renda per cápita familiar.**

1. Enténdese por renda per cápita familiar, a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade familiar computables.

2. Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dous os membros da unidade familiar (pai, nai, alumno e irmáns) que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%, ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

3. Nesta convocatoria para os efectos de determinar a renda per cápita familiar, terase en conta a situación persoal e familiar a 31 de decembro de 2020 e o exercicio fiscal 2020.

4. A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Os membros da unidade familiar que presentasen declaración do imposto sobre a **renda de 2020**, para os efectos do cálculo da renda familiar sumarán os recadros **435 (base imponible xeral) e a 460 (base imponible do aforro) da declaración.**

As persoas que non residiran en España no ano 2020 deberán acreditar os seus ingresos no país de orixe mediante nóminas, xustificantes de pensión, xustificantes de rendementos bancarios ou calquera outro documento acreditativo. No caso de carecer desta documentación ou se non obtiveran ingresos deberán presentar unha declaración responsable dos ingresos da unidade familiar.

### **Artigo 4º.-Membros computables da unidade familiar.**

1. Para os efectos previstos nesta orde, considérase que conforman a unidade familiar:

-Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.

-Os fillos menores de idade, con excepción dos emancipados.

- Os fillos maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

-Os fillos solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar .

- Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.

- A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumno/a, agás no caso de custodia compartida.

2. Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.
3. Non terán consideración de membro computable:
  - A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
  - O agresor nos casos de violencia de xénero.
4. En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar **a 31 de decembro de 2020**, agás no caso dunha sentenza de separación ou divorcio posterior a esa data lle atribúa a custodia a un dos proxenitores e agás no relativo á violencia de xénero, que se aplicará o disposto na lexislación específica.

### **Artigo 5. Obrigas das persoas beneficiarias**

1. Devolver os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2021/22.

Está excluído desta obriga o alumnado beneficiario de axuda para adquirir libros de texto de 1º e 2º de EP e o alumnado de EE ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %, e o alumnado con NEAE a que se refire a disposición adicional segunda, sempre que os libros ou o material adquirido non se poidan reutilizar.

A falta de devolución será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2022/23.

2. Conservar en bo estado os libros de texto e o material reutilizable recibido do fondo solidario ou adquirido coas axudas para libros de texto no curso escolar 2022/23 e devolvelos ao rematar este, no mes de xuño.
3. Destinar o importe do vale para libros a adquirir os libros de texto que indique o centro no que estea matriculado o alumnado.
4. Destinar o importe do vale para material a adquirir o material escolar que necesite.
5. Respetar as obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **Artigo 11. Documentación**

#### **Anexo I debidamente cuberto.**

#### **Anexo II ( vai a continuación do anexo I).**

- **Virán acompañadas de:** (Traer orixinais, para comprobar datos)
    - Fotocopia do libro de familia no cal figuren todos os membros da unidade familiar. No caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse documento ou documentos que acrediten os membros da unidade familiar, tales como:
      - Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador.
      - Certificado ou volante de convivencia.
      - Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello de residencia, que acredite a situación familiar.
    - No caso de discapacidade do/a alumno/a, do solicitante ou dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude deberá acompañarse copia compulsada de:
      - Certificado do grao de discapacidade de calquera membro da unidade familiar recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
      - Documentación xustificativa de violencia de xénero no ámbito familiar.
      - Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
3. A documentación que se presente deberá ter validez na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
  4. O centro educativo poderá requirir dos solicitantes, en calquera momento, aclaración da documentación presentada.

### **Artigo 21º.-Tramitación das solicitudes.**

O colexio tramitará as solicitudes e entregaralle un vale ao solicitante, para que vaia ao establecemento que queira a adquirir os libros.

#### **Prazos:**

**Presentación de solicitudes 19 de maio a 22 de xuño.**

**Recollida de vales de libros e material 5 a 6 de xullo de 10 a 14 horas.**

#### **Fondo libros:**

**Listas provisionais: 11 de xullo.**

**Listas definitivas: 22 de xullo**